

Sras., e Sres., Amigas e amigos: ¡Boas tardes!:

En primeiro lugar quero poñer de manifesto o meu agradecemento por invitarme a ser pregoeiro das vosas festas patronais. ¡¡ Grazas por tan alto e por suposto inmerecido honor ¡¡. Grazas o grupo de gobernó que tomou esta decisión e fago na persona do Sr. Alcalde, o bo amigo Alfredo García.

O mesmo tempo que expreso o meu agradecemento quero denunciar públicamente a quen tivo a osadía e o atrevemento de propoñerme para esta misión. O responsable desta desfeita ten nome e apelidos: Eduardo Ojea Arias, -o entrañable Potolo- a sazón concelleiro de Cultura, quen sin querer entrar en razons e mira que lle-lo repetin varias veces “que eu non merezo esto, que eu non vou estar a altura” pero el erre que erre valendose da súa capacidade de convincion e poder de persuasión que ten sobre min non parou ata que case me obrigou a decir que si. Evidentemente, o outro responsable son eu, non vou eludir a miña responsabilidad pero si vos son sincero ¿a quen lle amarga un doce...?

Grazas, o meu presentador neste acto, o amigo Jose María Rodriguez. Coñecemos dende fai moi tempo e podovos asegurar que é un dos bos e entrañables amigos que teño. Persoa boa e servicial onde os haxa, sempre esta a disposición para axudar en todo canto faga falla. Evidentemente pasouse varios pobos a hora de enumerar as –o seu entender- moitas virtudes que pensa que teño. Non son tantas, nin moito menos. Nesta ocasión, a amizade impídelle ser obxectivo e, tal como acostuma a pasar nestos casos, tendese a esaxerar e magnificar o que non son mais que simples detalles personais. Todos sabemos da gran pasión de Jose Maria polo cine e da facilidade que teñen os cinéfilos por converter en certo e real –e, por tanto, pensar que é verdade- o que non é mais que ficción ou simples percepcións imaxinativas. Grazas, de todas as maneiras.

Decía Baltasar Gracian que “lo bueno si breve, dos veces bueno”. Como teño a lixeira sospeita de que o que vou decir non será nada novidoso nin do outro mundo, imos ver si polo menos son breve para cumprir cunha das premisas das que falaba Dn. Baltasar. Imos pois a intentar representar a figura do pregoeiro, ese personaxe público que unhas veces canta as excelencias propias dos pobos e outras enumera e relata as reivindicacions máis urxentes dos mesmos; sempre nese tono entre irónico e distendido por convidar e animar a participar na festa.

A miña misión neste acto, polo tanto, é ben clara e sinxela. ¡¡Convidarvos a participar na festa de maneira que disfrutedes duns completos días de

diversión con amigos, familiares e coñecidos;;. Este acto quixera tivese ese triple enfoque: sentimento relixioso, profundo sentimento relixioso, por unha banda; un certo espíritu reivindicativo a través deste modesto pregón para que a cousa non se quedase nuns simples xogos florais e, finalmente, unha invitación á festa e a diversión.

E tendo en conta que estas son as festas do Cristo pero non son tan só as festas do Barco, as festas dos barquenses. Estas son unhas festas especiais. Son as festas referente para toda a comarca, as festas coas que nos identificamos todos os valdeorreses. As festas que superan ese ámbito estritamente local para converterse en un acontecemento de ámbito claramente comarcal.

Eu recordo con plena nitidez as primeiras veces que acompañado dos meus pais viñen á festa. Viñamos no tren, traíamos a merenda, viñamos para todo o día. Primeiro iamos a misa, a misa das 12. A plaza Maior toda engalanada con guirnaldas e bandeiras –nacionais, por suposto-, chea de xente, nun ir e vir continuo; a vistosidade e colorido das calles mais céntricas: a calle Oscura, Perez Lista, Marcelino Suarez, plaza de San Mauro, todo preparado para recibir a imaxe do Cristo Nazareno vestido co seu mantelo morado, as autoridades civís e militares presidindo a comitiva, a xente procesionando con respecto e silencio seguindo a imaxe ó ritmo que marcaba a banda de cornetas e tambores, os “ofrecidos” –fieles que con devoción e xenerosidade cumprían algunha promesa feita ó longo do ano-, as bombas de palenque anunciando o paso da comitiva. Despois de comer asistíamos ó descenso do Sil en piraguas que no seu tramo final congregaba miles e miles de persoas ó longo do malecón, intentando buscar o mellor sitio, desde donde ver pasar os palistas que seguindo un ritmo monocorde remaban con precisión e destreza tentando alcanzar a meta nas primeiras posicións. Despois o desfile de barcas engalanadas onde se representaban os mais variados oficios e labores domésticas: a matanza, as vendimas, os maíos, o magosto, etc., etc. E a noite o bullicio e expectación con que se acollía a sesión de fogos de artificio sobre o río, como a xente se arremuñaba as beiras do mesmo mirando ensemismada a habilidade dos fogueteiros que enchían ó ceo de luz e colorido reflexando fermosas imaxes sobre as súas augas.

Dixo Jose Maria -e si non o dixo pensou- que eu non son barquense. E ten razón aínda que con comillas si por barquense se entende “persoa que naceu, vive ou esta censado no termino municipal de O Barco”. Eu vivo en Quereño e estou censado en Rubiá, non o nego, pero dende a xuventude teño estado ligado a Barco. Vou tentar explicar o das comillas, aínda que

non acostumo moito a falar deste tema, por razóns obvias e como en certa medida tamen son barquense de nacencia. Este 14 de setembro do 2014 fara 39 anos en que vindo para as festas de O Barco, nun fatídico accidente de tráfico “pasou o que pasou”. As consecuencias, evidentes; os danos colaterales, moi graves. En cuestión de segundos, físicamente, pasei de ser unha persoa normal a ser usuario habitual dunha cadeira de rodas. O cambio na vida, total. Pero aquel día, naquel accidente, as consecuencias poideron ser peores; puideron haber perdido a vida. É dicir, vendo a cousa desde a óptica optimista: aquel día volvin nacer. E a cousa ocorreu en Candís, termino local de O Barco polo tando xa reuno unha das condicións básicas para ser barquense con denominación de orixe.

En fin esta é unha anécdota, unha traxica anécdota, sin mais. Como digo, dende sempre teño estado ligado a esta vila, e sempre que teño oportunidade fago, con orgullo, exercicio de valdeorres e polo tanto de barquense. Fun testigo de privilexio, de primeira línea, de algúns acontecementos importantes de O Barco. Tan solo vou falar de dous, por non cansar: Vin nacer, como abriu as súas portas o IES Martagisela, primeiro centro público de ensino medio que se construíu na provincia fora de Ourense capital; fun alumno das súas aulas dende a súa apertura ata que, rematado COU, marchei para Santiago; vivín moi directamente o impacto que a súa apertura supuxo como elemento dinamizador da vida cultural e socio-educativa da comarca; a oportunidade que supuxo para aquela xeneración de xovenes que tivemos a oportunidade de poder cursar estudos de bacharelado nun centro público cerca das nosas casas. Todos os rapaces da época saudamos con ilusión aquel feito pero moito mais os que vivíamos no rural, os que vivíamos nos distintos pobos da comarca e que desta maneira aumentaban as posibilidades de poder seguir formándonos de cara a poder acceder algún día a universidade; vivín en primeira línea a expectación que suscitou nos corrillos intelectuais da vila a apertura deste novo centro de ensino, da ilusión conque afrontaron a súa labor de ensinantes aquel xoven plantel de profesores que compoñían o seu claustro –Dn. Samuel, Dña. Isabel, Dña. Florina, Dn. Blas, Dn. Ricardo Mosquera, Dña. Carmen Doval, etc., etc., por non citalos a todos- e do éxito, sin ningún tipo de dúbidas, da capacidade intelectual e grado de compromiso por parte daquela primeira fornada de brillantes alumnos e que se traduciu na obtención de diversos grados de licenciatura en universidades varias e carreiras diversas.

Recordos, lembranzas, acontecementos que se acumulan na miña memoria. Eran tempos de xuventude, de experiencias novas, de facer amigos, de disfrutar da vida. Son moitas as persoas das que gardo un grato recordo, os profesores que souperon despertar en min os mellores sentimentos, os amigos que a pesar dos anos seguimos mantendo unha excelente relación. Con todos teño unha debida de gratitude e si tivera que personifícalo en tres persoas, coa comprensión dos demais, citaría: o Sr. Manolo e Josefina, os entrañables conserxes, e Marisa Valcarce a eficiente secretaria quen nunha acción sin precedentes nos salvou de ir a cárcel –ou cousa parecida– por non satisfacer unha debida de 8.500 pts.; debida contraída cunha axencia de viaxes de Ponferrada por unha cea non prevista na famosa e controvertida excursión de Alicante. A única maneira que tiñamos de saír airosos naquel trance era contar coa colaboración de Marisa. A solución, que para retirar o libro de calificacións cada un dos alumnos que foran a excursión, pagara 200 pts. Así se fixo. Si fora hoxe a solución sería inviable e seguramente os libros de notas aínda estarían almacenados nalgún queixon do Centro.

E tamen vivin, en primeira línea, a recuperación das siglas do C.D. Barco, a volta a competición do equipo de fútbol e a conformación daquel primeiro plantel de bravos e aguerridos xogadores, da que tiven a honra de formar parte –aínda que por pouco tempo– e que ó longo dos anos teñen paseado o nome da comarca por todos os campos de Galicia.

Vou centrarme agora un chisco, para non facerme pesado, no espírito reivindicativo da xornada. Nunca esta de máis recordar que Valdeorras, a nosa querida terra, é unha das poucas comarcas de Galicia ben definidas xeográficamente. O que Dn. Ramón Otero Pedrayo denominou como ‘País de Valdeorras’ é un espazo físico nidiamente delimitado pola orografía na que o río Sil é o principal referente, o elemento cohesionador, o espiñazo dunha terra por tantas razóns privilexiada, con importantes recursos naturais, -non só minerais-, e un microclima único, todo o cal fai deste recanto de Galicia un magnífico lugar para vivir.

Dentro e fora de aquí, os valdeorreses somos tamen dos poucos que temos, dende sempre, conciencia de comarca. É ben sabido que outras comarcas de Galicia son meras e moi recentes creacións artificiais, auténticas invencións dos políticos e os administradores, os que pouco lles costa, e moito lles gusta, facer marcas e describir ringo-rangos nos mapas.

Esa conciencia de comarca é, o meu modo de ver, a trabe de ouro, a pedra angular, sobre a que hai que edificar o noso futuro, un futuro que tamén debe asentarse sobre un mellor aproveitamento dos nosos valores de situación, porque convén que asumamos que estamos ubicados onde estamos ubicados para ben e para mal. Posiblemente nunca lles reprocharemos suficientemente ós políticos, ós nosos gobernantes –e refirome a eles porque eles foron quen es tomaron esa decisión- e ós técnicos que lle-lo permitiron coa súa pasividade, que nun momento determinado –fai mais ou menos 30 anos- ignorando por completo a nosa orografía e a nosa historia e que nos condenou a sufrir o que agora estamos padecendo. Todos sabemos, dende a noite dos tempos, que a entrada natural en Galicia, dende a Meseta, é polo val do Sil, atravesando as terras de Valdeorras. A natureza é sabia, e o río –o río Sil- no seu discorrer desde as altas terras de León e Asturias rumbo ó Atlántico siguió a parte mais doada: as terras de Valdeorras, Quiroga e o val do Lemos. Non se lle ocorreu ir nin polo Piedrafita ni polo Padornelo. Entrou polas terras mais baixas. E as civilizacións posteriores, as xentes que viñeron despois, seguiron o seu exemplo: os romanos –coa via XVIII-, os peregrinos que ían a Santiago, o trazado do Camiño Real, os arrieiros maragatos que traficaban entre a Galicia costeira e os pobos da meseta, a construción do ferrocarril, ou mais recentemente, os chamados accesos a Galicia polo centro de finais do XX. O normal, no deseño das autovías galegas houbera sido seguir o val do Sil e, ó chegar a altura de Monforte, facer esa Y cun brazo cara Lugo-A Coruña e o outro cara Ourense-Vigo e non, como se lle ocorreu a algunha mente iluminada, que a fixo en Benavente. Consecuencia, houbo que facer dúas autovías co conseguinte gasto dobre e o esquecemento de Valdeorras, Quiroga e Monforte que quedamos en terras de ninguén: aillados do resto da meseta e dos grandes portos da Galicia costeira. Pero en fin, o feito –como vulgarmente se dice- peito.

Y é que desgraciadamente parece que non soplan ventos favorables para as nosas comunicacións terrestres. As autovías pasan cerca pero non nos afectan porque temos malas conexións coas mesmas; o tren de alta velocidade non vai pasar pola nosa comarca; a tan cacareada autovía A 76 Ponferrada-Ourense parece que vai para longo, si é que algún día se remata, mellor dito si é que algún día se comenza; os polígonos industriais comarcais son unha auténtica entelequia; o lume, ano tras ano, queima os nosos montes convertendo a nosa terra nunha gran cacharela; o hospital comarcal cada vez presta menos servizos, perde recursos, en detrimento da calidade da nosa saúde; o xulgado comarcal queren que desapareza; o Camiño de Inverno espera ese recoñecemento oficial que nunca chega; o noso rural, os nosos pobos, ano tras ano, perden poboación e van cara a súa

desaparición total, etc., etc. En fin, antollaseme que moitos, demasiados problemas e poucas, moi poucas soluções.

E é que as comunicacións e as relacións co exterior son a gran asignatura pendente desta terra. Porque, despois de todo, Valdeorras esta emprazada estratéxicamente, ten un amplo tecido empresarial, xente preparada e todo isto convirte esta comarca nun bo lugar para investir sempre e cando nos saibamos vender. Sempre que saibamos facer comarca e vender cara o exterior os nosos abundantes e moi valiosos recursos endóxeos.

Pero para todo isto é fundamental a unión. Esa unión que fai a forza. Unión verdadeira, sincera, comprometida. Hai que pensar en clave de comarca. Sumar en lugar de dividir. Recuperar o sentimento valdeorres. Buscar referentes comúns, elementos socialmente aglutinadores. Se cadra necesitamos un himno, unha bandeira e, ata un día de “Valdeorras”. Neste mundo de hoxe, os símbolos teñen unha enorme importancia polo que unen, identifican e singularizan.

Valdeorras será o que os valdeorreses queiramos que sexa. O futuro depende de nos. E non é retórica, nin mera palabrería ou non debería selo. Si non nos importa ós valdeorreses que esta comarca arda, arderá como ardeu o verán pasado, o anterior e o anterior. Si non nos importa que o hospital vaia cada día a menos, se desmantelen servizos ou pensemos que esas son cousas dos “do Barco” porque nos de momento non precisamos ir ó médico, pois acabara por pechar as súas portas ou quedar baixo mínimos. En fin, si tanto nos ten que quedemos ou non descolgados das grandes vías de comunicación, quedaremos illados. E non vale botarlle a culpa a outros, ós de fora; iso non arranxa nada.

Pero, aínda que nos últimos tempos temos dado algunhas mostras de deixadez, pasotismo, abandono..., estou seguro que, a hora da verdade, a ninguén lles importa máis que a nos, o noso futuro. Futuro que temos que conquistar entre todos porque temos que recuperar as nosas sinais de identidade; demandar solucións para o noso rural que vai cara o despoboamento total, demandar políticas que lles presten atención, que contribúan a fixar poboación, que eviten o seu abandono definitivo, reivindicar o recoñecemento do Camiño de Santiago, desa variante, desa ruta alternativa ó Camiño Frances, do chamado Camiño de Inverno; reivindicar ese museo arqueolóxico e etnográfico comarcal onde guardar e poñer en valor o riquísimo patrimonio histórico artístico que albergamos; a recuperación dos nomes dos pobos da bisbarra. Ese peldaño máis do ronxel de topónimos que conforman a nosa terra: pobos centenarios e labregos, pobos de viñas e viñadores, pobos de nomes doces e sonoros, pobos a quen un día quixeron cambiar a súa toponimia, pobos..., nomes, que o

poeta Florencio D. Gurriaran reivindica con forza no poema “Louvanza a toponimia enxebre”:

Volten a Valdeorras os nomes genuinos
Non mais "Correjanos" nin "Vega Molinos";
si Vega Muiños e máis Correxais,
pois xa os "castrapismos" están por demáis. (...)

Xentes valdeorresas, voltade á eufonía
dos nomes antergos, baril fidalguía:
¡Qué da nosa fala, de fina enxebreza,
de lene dozura, de egrexia nobleza,
do noso Valdeorras, benquerido lar,
os povos e vilas volvamos nomear.

Arriba Penouta e abaixo "Penota",
que é nome en "castrapo" e rima con "jota";
afora "Jagoaza", nome cacofónico,
adiante "Xaguaza", enxebre i eufónico.
Non trocar por feles os galaicos meles,
pronunciando "El Barco", "La Puebla" e "Bajeles"
e "Vega de Cabo", "Villoria", "Otarielo"
e "Puerto Morisco" e "Repuricelo"
e ata, Deus me salve, nomeando a Fiais
en "supercastrapo", decíndolle "Hilais".

Hai xentes capaces (é cousa de rir)
de, ao povo de Córghomo, "Kuérgamo" decir;
hai xentes capaces (cousa é pra chorar)
de, ás mesmas Gralleiras, "Grajeras" chamar,
e, da Rodeleira, facer "Ruedelera"
(¿víchedes vosoutros cousa máis pavera?).
¡Qué Deus lles perdoe a feble cultura
aos que esmendrellaron a nomenclatura
traducindo os belos nomes de Valdeorras
ao feio "Castrapo", da linguaxe as borras,
xerigonza, xiria, xermanía impura
que é do castelán, a caricatura...!

De cantos accidentes xeográficos que exercen dominio sobre a comarca de Valdeorras, o río Sil ocupa un lugar privilexiado. Río mítico e señorial o

que lle cantaron numerosos poetas; río caudaloso e interprovincial que nace nas veciñas terras de León e o que Delgado Gurriaran, ó chegar a Valdeorras, define como:

O Sil, vindimarego
a súa terra abandona,
ralba a fronteira por camiño esgrevio
e, ao chegar a Valdeorras,
namorado do Val, faise galego.

Río caudaloso e a veces perigoso; río amable e a veces vengativo.., a quen o insigne poeta granadino Dn. Federico García Lorca fixo protagonista, no ano 1.932, dun dos seis poemas publicados en galego titulado “*Noiturno do adolescente morto*”, con motivo dun luctuoso suceso. Eran os meses de verán, García Lorca visitaba estas terras coa súa compañía teatral “La Barraca”. Estaba asentado en Puente Domingo Florez cando un dos componentes da mesma foise bañar enfrente a Quereño. A desgracia cebouse naquel xoven integrante do mundo da farandula pois afogouse. Federico, ante aquel triste accidente, impresionado polo dolor que lle produciu a morte do compañeiro e amigo compuxo estes sentidos versos:

Imos silandeiros orela do vado
pra ver o adoescente afogado.
Imos silandeiros veiriña do ar,
antes que ise río o leve pro mar.
Súa-i-alma choraba, ferida e pequena
embaixo os arumes de pinos e d´herbas.

Agora despenada baixaba da lúa
cobrindo de lirios a montaña núa.
O vento deixaba camelias de soma
na lumieira murcha da súa triste boca.
¡Vinde mozos loiros do monte e do prado
pra ver o adoescente afogado!.
¡Vinde xente escura do cume e do val
antes que ise río o leve pro mar!.
O leve pro mar de curtiñas brancas
onde van e ven vellos, bois de ágoa
¡Ay, como cantaban os albres do Sil
Sobre a verde lua, coma un tamboril!.

¡Mozos, imos, vinde, aixiña, cegar
porque xa ise río m'o leva para o mar!.

Pero este río agresivo e violento, as veces, non sempre se comporta así. Más ben, todo o contrario, o seu paso polo malecón de O Barco vólvese un río señorial e acomodado, tranquilo e placenteiro; cun discorrer maxestuoso, familiar, que transmite vida, alegría., testigo permanente de como as barcas e os barqueiros surcan as suas augas, nun ir e vir constante, tentando comunicar unha beira coa outra. As barcas pasean plácidamente polas suas augas, as persoas disfrutan do seu lento transitar, unhas veces van de pesca, outras a pasear, sempre tentando alcanzar a outra beira; ó seu timon, movendo os remos con destreza, o barqueiro ese personaxe entrañable que sempre esta presto para “dar a barca”, para surcar ó “cachon”, non importa o tipo de riada nin o momento nin ocasión, él sempre servicial e amigo. A estos personaxes, os lexendarios barqueiros lles adicou este poema Jose Nuñez –o entrañable Pepe Nuñez-:

Barquero del río Sil,
-marinero entre dos puertos,
remando solo en tu barca
contra corriente y silencio!.

Caronte de ida y vuelta
por ríos del pensamiento:
transbordando en tu barcaza
carretas y carreteros,
peregrinos de la historia,
habitantes de los censos,
supiste de tantas cosas
que te hiciste libro impreso
y en ello ganaste oficio
de embajador de los pueblos!.

Barquero, en tu barca, tú
me haces ser marinero
desde una orilla a la otra
por el túnel de los tiempos;
me obligas a abandonar
este viejo embarcadero
y me llevas en tu barca
-velero de escritos lienzos-

como un niño a la deriva
por los sitios del recuerdo:
otro hombre y otra barca
-balsero de troncos muertos-
me enseñaban a sentir
orgullo de ser barquero....

Barquero del río Sil,
Cristobal de camineros:
en tu barca de hojas blancas
me haces ser marinero
despertando en mí este absurdo
afán de cantar recuerdos,
mientras tu barca nos lleva
por los perfiles del tiempo.

Barquero del río Sil:
tú, en tu barca; yo, en mi verso,
apuramos día a día,
noche a noche, el mismo empeño...
Barca y palabra nos llevan
de la realidad al sueño!.

Pero o gran reclamo, o “lei motiv” destas festas, sen lugar a dubidas é o Nazareno. O gran patrón de O Barco. Baste ver o concurrida que resulta a súa novena, a devoción e recollimento que preside as suas celebracións liturxicas, o orgullo e respecto da que fan gala os valdeorreses que siguen a sua engalanada imaxe no seu paseo procesional polas distintas ruas do pobo no día da festa maior. A orixe desta imaxe é incerto. Todo se remonta o que apunta unha lenda que dice que polo Riocigueño baixaba flotando un tronco de madeira –parece ser que nogal- cuia dureza era tal que foi imposible partila para convertila en leña. Curiosamente a mesma madeira volveuse blanda e fácil de labrar cando se quixo facer dela unha talla que representase a figura sagrada de Cristo Nazareno.

Así, desta maneira, xurdiu a imaxe do Nazareno; unha imaxe emblemática e insustituible; unha imaxe referente para miles e miles de devotos valdeorreses que a veneran desde finais do século XVII ata os nosos días e que ano tras ano, na súa celebración gloriosa, se acercan a sua expresión dolorosa en busca de amparo, protección, esperanza e alento. Artísticamente é unha imaxe de gran valor, de estilo barroco e de autor

anónimo, desconocido. En Xagoaza, neste bello rincón valdeorres, naceo o gran poeta e dramaturgo Lauro Olmo, que no ano 1.973, escribiu este bello poema adicado a Cristo crucificado, o Nazareno e que titulou “*cuerpo desnudo*”:

*“No lo condecoréis,
¡dejadlo!
Que no es un general,
ni un alto funcionario.
Ese cuerpo desnudo,
mezcla de sangre y barro,
tiene, exacta, su cruz;
es el crucificado,
rotundamente el símbolo
del sufrimiento humano.*

*Quietos, valdeorreses,
no lo toquéis ¡dejadlo!
que no existe medalla,
encomienda, ni lazo,
que pueda compararse
con la cruz del escandalo.*

*Si a algo os atrevéis,
decididos a honrarlo,
quítadle lo que aún cubre
su cuerpo, arrodillaros
y con fe contemplad,
al hombre cotidiano,
al que día tras día,
al que año tras año,
tu, yo, ese o aquel
vamos crucificando.*

*No lo condecoréis,
¡dejadlo!
Que no porta casaca
de alto dignatario
El ya tiene su cruz:
¡Es el crucificado!”.*

¡¡Grazas, a Gustavo, Anxo Santomil, Manolo Prada, Paco Campos, Lola Fernandez e Pili Alonso!! pola súa desinteresada colaboración para que esta pequena montaxe fose posible.

E xa como punto final, facer un chamamento a todos os valdeorreses a participar nas festas: non quixera esquecerme de ninguén: un sentido recordo para os que desgraciadamente xa non poden estar; dos que quixeran estar e -polas circunstancias que sexan, xeneralmente problemas laborais- non poden estar; e a todos Vostedes, animalos a participar e disfrutar destes días de festa; festa que é para todos e todos deberíamos disfrutar das mesmas. Un chamamento moi especial ós que o están pasando mal, os que están no paro, os que non teñen traballo porque son vítimas desta crise desgraciada e da insensibilidade dun goberno que non entende mas que de recortes insaciáveis e políticas inxustas. Hai que facer un alto no camiño, deixar a un lado os problemas cotidianos, e aporveitar destes días de asueto e diversión.

Animo a participar e disfrutar destas festas, chamada que fago desde o optimismo e alegría que me produce o estar disfrutando dun dos días máis felices da miña vida ou polo menos dos últimos anos onde ten habido de todo e maxime si entre o público vexo as dúas persoas que máis me queren e máis quero: a miña nai e a miña irmán.

Para rematar, acabo de mirar de refilón para o reloxo de Jose María e pola cara que puxo creo que non vou nin respetar o da brevedade, e mira que non quería pasarme e chegar a cansar.... Pero en eso, queridos amigos, teño sorte pois xogo con ventaxa, xogo en casa, estou rodeado de amigos e coñecidos, dende o patio de butacas ata o palco de plateas non vexo máis que caras coñecidas, amigos entrañables, en xeral boa xente que ó rematar ata me vais a aplaudir como si o houbera feito ben. E iso como comprenderéis subelle a moral ata un santo.

¡¡Moitas grazas!!. Felices festas do Cristo 2.014.

Antonio Castro Voces.-